



*Preguntémonos que debemos facer, como comprometernos e poñernos ao servizo dos demais.*

*Esteamos dispostos, ninguén é pequeno nin pouca cousa, fagámolo o mellor que poidamos, non se nos pide máis, cada un segundo as súas posibilidades, cada un na súa parcela.*

*Esa é a mellor ofrenda e está nas nosas mans.*



*Saímos ao camiño, non quedamos na casa. Damos pasos cara adiante sen deixar que o pasado nos reteña.*

*No camiño atopámonos con persoas iguais a min en dignidade e distintas na súa maneira propia de ser e de vivir.*

*Isto pode parecer unha dificultade mais certamente é unha riqueza. Sempre é máis doado ir xuntos que sós.*

*E, mellor aínda, temos guía no camiño, pois Xesús tamén vai ao noso carón.*



*Preparémonos para descubrir que o mellor de cada un vai connosco. Que equipaxes temos que deixar?*

*Temos que prepararnos para endereitar os camiños e rebaixar as montañas, para que baixen os que están moi altos e que suban os que están moi baixos.*

*Así, atopármonos todos nun mesmo nivel, no nivel de seres humanos. Fillos do mesmo Deus e polo tanto irmáns e irmás.*

*Hai que esquecer prexuízos e tratar a todos como nos gusta que nos traten a nós.*



*Crearemos unha nova relación que nos leve a superar os medos e nos faga vivir con alegría.*

*Xa demos os primeiros pasos de achegarnos e prepararnos nos domingos anteriores e descubrimos con grande ledicia que, cando estamos cerca uns de outros, compartir é sinxelo.*

*Como cada Nadal sentimos perto de nós ao Señor e celebramos o seu facerse presente como un máis entre nós.*